



FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, Portavoz do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 97.7 do R.O.F. e do artigo 4-b do Regulamento Orgánico da Deputación presento as seguintes:

PREGUNTAS PARA SEREN FORMULADAS E RESPONSTADAS ORALMENTE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO DO 27 DE XANEIRO DE 2017;

1. O pasado mes de decembro, o Presidente da Deputación Provincial de Ourense comprometeuse a dar axuda, técnica e humana, ós/ás propietarios/as dos soutos de castiñeiros afectados polas condicións atmosféricas adversas nos concellos de Castrelo do Val, Ríos, A Gudiña e A Mezquita.

Tendo en conta que os traballos de poda e rexeneración se deben facer nos meses de xaneiro e febreiro;

- Cando ten previsto iniciar eses labores? (Vicente Gómez)

2. No mes de decembro saíu nos medios de comunicación, unha noticia na que se dicía que o Presidente da Deputación Provincial de Ourense pensaba por en funcionamento unha oficina técnica para asesorar ás Comunidades de Montes na comarca de Monterrei.

- Cando está previsto por en funcionamento esa oficina?
- Que traballadores/as formarán parte dese equipo de asesoramento? (Vicente Gómez)

3. Ante as noticias aparecidas nos medios de comunicación, ó respecto do *Parque Feiticeiro*, incluído no programa turístico de Portas de Galicia, da cal forma parte a Deputación Provincial de Ourense;

- Pódenos indicar cal é o problema de dita obra?
- Se houbera que proceder á devolución dos Fondos Europeos por non cumprir co proxecto, en que xeito lle afectaría a esta Deputación a devandita devolución? (Francisco José Fraga Civeira)

4. En ocasións anteriores xa nos preocupamos polo estado das vías locais e provinciais afectadas polas obras da Alta Velocidade e indicáronnos que se estaba enriba deste asunto e, tamén, que se resolvería;

- Tivo, a Deputación Provincial de Ourense, algunha reunión ó respecto cos responsables da empresa Adif?
- De tela habido, cales foron as propostas da Deputación Provincial de Ourense e cales foron as respostas emitidas por Adif?
- Cando teñen previsto, os responsables da Deputación Provincial de Ourense facer unha reunión cos concellos afectados polas devanditas obras? (Francisco José Fraga Civeira)

En Ourense, 25 de xaneiro de 2017

Asdo. O Portavoz

-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE